


CONFERENCIA *LORCA E GALICIA*

Mércores 9 de febreiro de 2011, ás 20.00 h,
na Biblioteca de Poesía “Uxío Novoneyra”
(Pazo de Vila Melania, Vilaboa).

Interveñen:

Celestino Poza Domínguez, concelleiro de Cultura.
Luis Pérez Rodríguez, escritor.



POR LUIS PÉREZ RODRÍGUEZ



Presentación

Cando no ano 1998 organizamos a XVIª edición do premio de Novela “Blanco Amor”, Luís Pérez Rodríguez foi unha das persoas que máis colaborou nas actividades que desenvolvimos ao longo dese ano. Contamos coa súa participación no Seminario de Historia, asistiu a moitos actos e colaborou e participou na presentación do libro *Homenaxe a Blanco Amor 1998*, que editou o Concello de Culleredo no selo Espiral Maior. Dende entón, Luís segue sendo un asiduo asistente aos actos da Concellería de Cultura.

Por iso é un pracer poder escoitalo neste relatorio que nos vai ofrecer, *Lorca e Galicia*, porque é un dos máis grandes coñecedores da xénesese dos Seis poemas galegos que o escritor granadino, asasinado polos fascistas, escribiu na nosa lingua. Literatura e memoria histórica fúndense, pois, nesta conferencia.

Estades todos/as convidados/as.

Celestino Poza Domínguez
Concelleiro de Cultura

Datos biográficos

Luís Pérez Rodríguez naceu en 1945. Licenciado en Filoloxía galego-portuguesa, foi catedrático de Literatura Española de Ensino Medio ata a súa xubilación. Na actualidade exerce a avogacía.

Foi guionista da serie *Eduardo Blanco-Amor, o escritor da xente* (Vídeo Voz TV, para TVG, 1993). É un dos grandes expertos galegos sobre Eduardo Blanco Amor e o teatro galego en Arxentina.

Algúns traballos seus:

“Unha sembranza de Eduardo Blanco-Amor dende o seu espistolario”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 3 (1990), 33-48.

“O teatro de E. Blanco-Amor en busca de actores”, prólogo ao libro *Proceso en Jacobusland*, Sotelo Blanco, 1990.

Breve historia do Teatro Galego na Arxentina, Cadernos da Escola Dramática Galega, nº 89, marzo de 1991.

Historia do Teatro Galego na Arxentina: un actor, Tacholas, Cadernos da Escola Dramática Galega, nº 90, maio de 1991.

“Eduardo Blanco-Amor, emigrante”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 6 (1991), 95-101.

“O periodismo de Eduardo Blanco-Amor”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 7 (1992), pp: 79-87.

Historia do Teatro Galego na Arxentina: un autor, Ricardo Flores Pérez, Cadernos da Escola Dramática Galega, nº 96, maio de 1992.

“Blanco-Amor, obra literaria”, en AAVV: *Eduardo Blanco-Amor, 1897-1979. Fotobiografía*, Edicións Xerais, 1993.

“Sempre en Auria. Unha aproximación biográfica a Eduardo Blanco-Amor”, pp: 7-48, en AAVV: *Eduardo Blanco Amor. Sempre en Auria*, Edicións Xerais, 1993.

Blanco-Amor e os seus escritos periodísticos, Galaxia, 1993.

Quince “Cuentos de la ciudad” e un conto no ceo: “Os nonnatos”, 1993.

Catro pezas inéditas do teatro de Eduardo Blanco-Amor, Edicións do Castro, 1993.

“Eduardo Blanco-Amor e o teatro popular”, en *Eduardo Blanco-Amor (1897-1979). Día das Letras Galegas 1993*, Xunta de Galicia, 1993.

“Os guións cinematográficos de Eduardo Blanco-Amor (La parranda e outros guións inéditos)”, Centro Galego de Artes da Imaxe, Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, 1994.

O Pórtico poético dos “Seis Poemas Galegos” de Federico García Lorca, Consello da Cultura Galega, 1995.

Fernando Iglesias “Tacholas”, un actor auriense na Galicia ideal, Edicións do Castro, 1996.

Edición de *As bágoas do demo*, obra inédita teatral de Ramón Valenzuela, Edicións do Castro, 1996.

“As Américas de Blanco Amor”, *Creatividade cultural en la Galicia exterior*, Xunta de Galicia, 1998.

“A escena galega no exterior: o teatro do exilio e da emigración no Río da Prata”, pp: 1345-1371, en AAVV: *Congreso Internacional o Exilio Galego*, Santiago, 2001.

“Chile a la vista ou a xente de preto”, *Grial: revista galega de cultura*, nº 160 (2003), pp: 86-89.

“A poesía de Blanco-Amor e Curros Enríquez”, en AAVV: *Actas do I Congreso Internacional “Curros Enríquez e o seu tempo” (Celanova, 13-15 de setembro do 2001)*, Consello da Cultura Galega, 2004, tomo II, páxs. 405-433.

“Carlos Martínez-Barbeito e Federico García Lorca”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 31 (2004), 135-148.